

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

*EXTRACTO da Resolución do 18 de maio de 2022 pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, con motivo do Xacobeo 21-22, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT302B).*

BDNS (Identif.): 630934.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios destas axudas os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, recoñecidos pola Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural, e delimitados polo correspondente decreto, así como aqueles nos que se ditou acordo de inicio para súa tramitación.

Segundo. *Finalidade*

Establecer as bases reguladoras das subvencións destinadas a cofinanciar programacións culturais realizadas por entidades locais polas que discorren os diferentes camiños de Santiago co motivo do Xacobeo 21-22, para contribuír á promoción das artes escénicas e musicais, e proceder á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT302B).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 18 de maio de 2022 pola que se establecen as bases de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, con motivo do Xacobeo 21-22, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT302B).



**Cuarto. *Importe***

A financiación destas axudas nesta convocatoria realizarase en todo caso en función das dispoñibilidades orzamentarias, destinándose un crédito global de 230.000,00 euros da aplicación orzamentaria 10.A1.432B.760.0 do código de proxecto 2015-00003.

**Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022

Román Rodríguez González  
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

